

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE XANEIRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 12 de xaneiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2, 3, 8, 9, 10 e 13)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 11a)
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste ao punto 1b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 28 de decembro de 2017**

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 8 de xaneiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 8 de xaneiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D. Miguel Fidalgo Iglesias.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 3 de xaneiro de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles á UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. para que emendase a documentación persoal (faltaba o compromiso de constituírse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatario, asinado polos apoderados de cada unha das empresas -artigo 24.2 do RD 1098/2001, do 12 de outubro-. O citado licitador presentou a documentación requirida dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación pola Mesa de Contratación, esta acordou, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento á UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A proposición presentada por EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. non cumpre as esixencias previstas na cláusula 13.3 do prego (“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital achegado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”). En consecuencia, A Mesa acorda, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para que emende a súa proposición, achegando escrito asinado por persoa con poder de representación acreditado no que subscriba a proposición presentada na data 20 de decembro de 2017 (rexistro de entrada nº 170178297).

HIDROMIÑO, S.L. declara confidencial a súa proposición.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444) (informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 10 de xaneiro de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 10 de xaneiro de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prz_ofertado
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	4.145.511,45 €
2	EDP COMERCIALIZADORA, SAU.	4.232.977,02 €
3	AURA ENERGÍA, S.L.	4.252.074,59 €
4	ENDESA ENERGÍA, S.A.	4.324.883,00 €

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.884,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	99 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.102,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 13 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 22 de decembro, dentro do prazo concedido (agás aquela documentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



que xa consta en poder deste Concello no expediente 18.373-332). O 4 de xaneiro de 2018 achegan para os efectos de emendar a solvencia técnica acreditada na documentación do 22 de decembro, un certificado de servizos similares ao do obxecto do contrato.

Incorpórase ao expediente un informe do Servizo de Educación de data 8 de xaneiro de 2018 sobre contratos similares prestados por NEW LINK EDUCATION, S.L. por importe superior ao acreditado pola empresa.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou que non quedaba acreditada a solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), xa que nos certificados achegados pola empresa non consta que os servizos do ano 2017 (ano de máxima execución) se teñen executado antes do fin do prazo de presentación de ofertas segundo esixe a cláusula 8.4.2.

En base ao anterior, e ao abeiro do disposto no punto 1.9.1.3.1. da *Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos do Texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a súa modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización*, a Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 concedeu un prazo de 5 días hábiles a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que puidese emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo coas esixencias previstas no prego.

O citado licitador presentou a documentación solicitada dentro do prazo concedido. A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xaneiro de 2018 revisou a citada documentación, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK EDUCATION, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e do acordo adoptado pola Mesa na sesión do 14 e 23 de novembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 1.704.465,00 euros, sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros.*
- b) *Propón un incremento de 15 alumnos a maiores dos 735 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- c) *Propón un incremento de 6 monitores/as por enriba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.*
- d) *Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas (MCER) do 100%*
- e) *Comprométese a achegar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento da lingua inglesa:*
 - *Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento en lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*
 - *Propón unha redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) (lote 3 “motocicletas”)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)

ANTECEDENTES

Único.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xaneiro de 2018, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

- Excluir a GRUPO ELGONSA VIGO, S.L. deste procedemento por non ter presentado o sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, incorrendo na causa de exclusión prevista na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares “*a falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC*”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que só se presentou e admitiu no lote 3 “MOTOCICLETAS” un único licitador, GRUPO ELGONSA VIGO, S.L., e este non presentou o sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, incorrendo na causa de exclusión prevista na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares “*a falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC*”, procede declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declarar deserto o lote 3 “MOTOCICLETAS” do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) por terse presentado un único licitador e resultar excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252). Solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”

Dáse conta do escrito asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 29 de decembro de 2017 no que comunica que “Á vista da dificultade e volume do proceso de valoración comunícase a necesidade dunha nova ampliación de prazo ata o próximo 15 de xaneiro”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:46	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-CA3837-B725CE-3EKM65-5UJBTD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		